

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE XULLO DE 2021

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 14:03 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Ángel López Fidalgo (PP).
María Jesús García Souto (PP).

Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 25 DE MAIO DE 2021.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáraselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio

Ao non se efectuar ningunha observación, acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte: A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión o borrador da sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de maio de 2021.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2020.

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 15.07.2021 que transcrita literalmente di:

“Exp. 2021/T017/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da Conta Xeral de 2020

A Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio 2020, foi rendida e formulada de acordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, contendo asemade a conta tódalas partes que se contemplan na Regra 45 e seguintes da Orde HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade aprobada por ORDEN HAP/1781/2013, do 20 de setembro (ICAL).

O 28.04.2021 a Secretaria-interventora formulou informe a Conta Xeral.

O 25.05.2021 a Comisión Informativa Especial de Contas e Facenda informou a Conta Xeral.

O anuncio de exposición pública da Conta Xeral foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 31.05.2021 (BOP. Núm. 100), para que as persoas lexitimadas poderan presentar reclamacións, reparos ou alegacións contra a mesma.

Durante os 15 días hábiles seguintes a publicación do anuncio non se presentaron reclamacións, reparos ou alegacións contra a Conta Xeral. En virtude das atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e ao abeiro do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, propono a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobamos a Conta Xeral do Exercicio 2020 comprendido pola Conta Xeral do propio Concello

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e o Consello de Contas tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda. “

Non se producen intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, , Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) .

Abstencións:(2) María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Votos en contra (0):

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

TERCEIRO. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2022.

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 15.07.2021 que transcrita literalmente di:

“Expediente: 2021/X999/000101

Proposta: Designación dos festivos locais para o ano 2022

Vista a comunicación efectuada pola Consellería de Emprego e Igualdade para que o Concello comunique antes do día 1 de setembro de 2021 acordo no que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído en non recuperable para o vindeiro 2022. O art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : “serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente...”.

En uso das atribucións que establece o artigo 22.2 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Designar como festivos locais para o ano 2022 os seguintes: - 1 de marzo de 2022 (martes de Entroido). - 29 de xuño de 2022 (San Pedro)

SEGUNDO: Notificar a Consellería de economía, emprego e industria aos efectos oportunos Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe”.

Intervén o sr. alcalde e di que se había falado de alternar os festivos entre parroquias pero tal como está situación derivada do COVID, que non se celebran festas e verbenas , polo tanto propón a fixación destes festivos.

Intervén a sra. García e sinala que xa expuseron a súa postura en outras ocasións e que non ten nada máis que engadir.

Procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, , Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) .

Abstencións:(2) María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Votos en contra (0):

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

CUARTO.APROBACIÓN, SE PROCEDE , RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2021.

Incorporáse neste intre o concelleiro Miguel Combo Aller.

Pola alcaldía, dase lectura á proposta de data 18.6.2021 que literalmente transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto : Recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2021

Exp: 2021/T002/000005

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente os créditos, por un importe total de **108.684,31 euros**, polas causas seguintes:

Acreeedores por operacións devengadas. Facturas non aprobadas no exercicio 2020 e pendentes de pagamento

Son as seguintes:

Data	Nº de Documento	Data Doc.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Economica
12/02/2020	43	31/01/2020	1.080,00	47378036Z	MARTA PEREZ COTOS	SERVICIO DE TAXIS PARA DISCAPACITADO.	231	48000
09/03/2020	44	28/02/2020	1.200,00	47378036Z	MARTA PEREZ COTOS	SERVICIO DE TAXI PARA DISCAPACITADO A ARZUA.	231	48000
30/04/2020	45	30/04/2020	540,00	47378036Z	MARTA PEREZ COTOS	TRANSPORTE DE DISCAPACITADO AL IES DE ARZUA	231	48000
25/05/2020	Emit- 2020019	21/05/2020	2.507,97	B27340215	INSTALACIONES BAHIA PARK, SL	MUELLE CABALLO (FL-15-209) / UD COLUMPIO MIXTO (FL-10-3020) / PROTECCION COLUMNA DE 1800X300X450 MM / PROTECCION COL	323	62500
04/06/2020	16948	04/06/2020	2.506,21	B70447032	SALTOKI CORUÑA, S.L.	6959924001 GENERADOR S8000 MONOFASICO MOTOR HONDA 6 KVA / 6959924002 CUADRO ARRANQUE A DISTANCIA POR SEÑAL	924	62300
04/08/2020	2020- 174	03/08/2020	605,00	B70408869	ARTABRA COMUNICACION SL	Servizo de comunicación, analítica, xeración de contidos e xestión de redes sociais do Concello de Sobrado en xullo de 2	912	22602
26/08/2020	NUM 58	12/08/2020	28.067,11	B70273297	CONSTRUCCIONES MONTEROSO VARELA, SL	OBRA: PISTAS DE GRIMALBA. TRABAJOS REALIZADOS DE: RETIRADA DE BROZA EN PISTAS, LIMPIEZA DE CUNETAS, RESANTEO DE PISTAS,	454	21000
02/09/2020	2020- 204	01/09/2020	605,00	B70408869	ARTABRA COMUNICACION SL	Servizo de comunicación, analítica, xeración de contidos e xestión de redes sociais do Concello de Sobrado en agosto de	912	22602
06/07/2020	47	29/05/2020	500,00	47378036Z	MARTA PEREZ COTOS	SERVICIO TAXI DISCAPACITADO MAYO.	231	48000
06/07/2020	48	18/06/2020	700,00	47378036Z	MARTA PEREZ COTOS	SERVICIO DE TAXIS PARA DISCAPACITADO	231	48000
05/10/2020	2020- 229	05/10/2020	605,00	B70408869	ARTABRA COMUNICACION SL	Servizo de comunicación, analítica, xeración de contidos e xestión de redes sociais do Concello de Sobrado en setembro de	912	22602
03/11/2020	-Emit- 71	29/01/2020	16.341,05	B15697493	FERIBECO, S.L.	Rect. Emit- 71 / HORA DE TRACTOR 7710 CON DESBROZADORA / ALQUILER PLATAFORMA ELEVADORA HAULOTE / HORA DE PALA KUBOTA KX8	459 136	20300 22799

08/11/2020	2020- 259	08/11/2020	605,00	B70408869	ARTABRA COMUNICACION SL	Servizo de comunicación, analítica, xeración de contidos e xestión de redes sociais do Concello de Sobrado en outubro de	912	22602
03/12/2020	2020- 187	03/12/2020	847,00	B70241088	GALIVALIA CONSULTSTGO S.L.	ASESORAMENTO XURÍDICO E DEFENSA LETRADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 510/2018 SEGUIDO ANTE O XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE A CO	920	22604
11/12/2020	Rect-Emit- 0019	10/12/2020	363,00	J70148655	CERNA ARQUITECTOS, S.C.P.	Rect. Emit- 0019 / HONORARIOS PROFESIONAIS CORRESPONDENTES Á MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN E SERV	920	22706
11/12/2020	Emit- 668	30/11/2020	3.263,67	B36166650	CANTERAS DE RICHINOL, S.L.	TM. ZAHORRA 0/32 - ZA 25 () / PORTES BAÑERA () / TM. ZAHORRA 0/32 - ZA 25 () / PORTES BAÑERA () / TM. ZAHO	454	22199
14/12/2020	67-20	14/12/2020	37.933,50	B15564792	HI.CO.FE.GA. SL	Instalación de E.T.AP.	161	62300
22/12/2020	Emit- 353	22/12/2020	5.112,25	B15341175	TALLERES NOVO, SL	HACER Y COLOCAR PORTAL CON PUERTA PEATONAL EN CIERRE MAQUINAS DEPURADORA / HACER SOPORTE FAROLA / HACER CUBIERTA MAQUI	165 161	21300 62300
29/12/2020	20 559	28/12/2020	3.630,00	A15093081	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	SERVICIO DE MODIFICACION PUNTUAL Nº 1. MODIFICACION DE CERTOS ASPECTOS NORMATIVOS DO PXOM DE SOBRADO.. FASES 1 (acceptaci	920	22706
30/12/2020	2020- 331	30/12/2020	1.518,55	B70408869	ARTABRA COMUNICACION SL	Deseño, redacción, maquetación e impresión de publicación municipal de Sobrado en decembro de 2020: 800 exemplares e 12	912	22602
03/11/2020	6	23/10/2020	154,00	32811156T	MARIA LUCIA CORRAL FERNANDEZ	RETENCION PRACTICADA PARA SERVICIO DE TAXI. EMERGENCIA SOCIAL.	231	48000
Total			108.684,31					

Facturas do exercicio corrente para as que no momento da realización do gasto non existía crédito suficiente para a súa aprobación:

Visto o informe de intervención de data 16 de xuño de 2021 no que formula reparo suspensivo a aprobación do gasto e a ordenación do pago das facturas que forman a relación detallada na providencia de alcaldía de data 16 de xuño de 2021 , por tratarse de gastos “indebidamente adquiridos” no exercicio 2020 (sen crédito ou con tramitación irregular), débese acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito, conforme ao sinalado no artigo 60.2 do RD 500/1990, sendo competente o Pleno para o

recoñecemento extraxudicial de crédito.

Conforme ó artigo 216 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este reparo suspenderá a tramitación do expediente ata que non sexa resolto polo órgano competente, neste caso, o Pleno.

Non obstante, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse (nulidade dos actos), en aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto contidas entre outras na Sentencia do Tribunal Supremo de 11 de maio de 2004, os provedores teñen dereito ao cobro das prestacións realizadas.

En virtude das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención e polo tanto aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2021.

SEGUNDO.- Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, os correspondentes créditos polo importe total de 108.684,31 euros € con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas.”

Inicia o debate a sra. García que afirma que como sempre é sorprendente que haxa que facer un recoñecemento extraxudicial de 108.684,31 € para afrontar gastos que deberían estar ben contratados e contemplados xa que son facturas do exercicio anterior que se van a aprobar agora, non se sabe ben de que e que ademáis non están correctamente contratadas e fora do todo control. Engade que hai cantidades importantes como por exemplo a “pista de Grixalba” por importe de 28.000,00 € e que lle parece increíble que apareza agora esa factura cando a limpeza de camiños quedara a Xunta de facela, que se comprometeu cando ela estaba de alcaldesa.

Se son traballos realizados o ano pasado e aparecen as facturas agora se ve que hai un descontrol e unha falta de previsión e de xestión absoluta.

Observa que tamén hai facturas de gastos de horas de tractor, taller, plataforma elevadora etc... e non sabe cando se realizaron esos traballos.

Resposta o sr. Alcalde que realmente son gastos do exercicio 2019 que fixo Feribeco e que neste caso non é culpa do Concello que non emitirán a factura antes.

Intervén de novo a sra. García e afirma que no ano 2019 se apobaron varios suplementos de crédito por importe aproximado de 900.000,00 € e ve que aínda se seguen arrastrando gastos dese exercicio.

Intervén o sr. alcalde e afirma que non emitiron a factura en tempo.

A sra García di que calqueira empresa emite as facturas e non tarde un ano e medio para pasar unha factura de 18.000,00 €. Pensa que hai ánimo de distribuir o gasto ao longo do tempo e así que pareza menos grave.

Afirma o sr. alcalde que él non lle manda a ningunha empresa cando ten que facturar.

A sra García afirma que hai unha falta absoluta de xestión e de control.

A sra García pregunta pola factura de 5000,00 € en concepto de portalón , que lle parece excesiva para so un portalón.

O alcalde sinala que o concepto da factura inclúe o portalón, soporte farolas e cuberta de máquina.

A sra . García afirma que o gasto de ARTABRA COMUNICACIÓN, tiña que estar correctamente contratado. Emite facturas mensuais de 605 € e en decembro hai unha de 1500 €.

Resposta o sr. alcalde que esa factura é da revista do Concello que repartiu aos veciños.

Pregunta a sra . García que en que concepto se emiten esas facturas mensuais.

Resposta o sr. alcalde que xestión de redes sociais.

Afirma a sra. García que antes esa xestión se levaba directamente dende o concello e que non aprecia ningunha diferenza.

A sra. García sinala sobre o levantamento reiterado dos reparos de secretaría-intervención que debemos advertir que o feito de que a normativa ampare o recoñecemento extraxudicial de obrigas non significa, nin moito menos, que o mesmo deba ter carácter de habitual, senón todo o contrario. En moitos casos os acordos de recoñecemento extraxudicial de crédito teñen sido utilizados coa finalidade de imputar ao exercicio corrente obrigas de exercicio pechados viciados de nulidade de pleno dereito. Nestes casos o procedemento pasaría pola declaración de nulidade a través da revisión de oficio. Logo destas actuacións a obriga que terá carácter ex lege, poderá ser recoñecida en vía administrativa aínda carecendo de crédito mediante a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito. Isto o afirma a secretaria no seu informe que é a que debe fiscalizar os pagos.

Resposta o sr. alcalde que a secretaria fai o seu traballo.

Engande a Sra . García as advertencias feitas polo Tribunal de Contas sobre a recurrencia a facer recoñecementos extraxudiciais de crédito e que co levantamento reitrado dos reparos se está vulnerando a normativa contractual, se están favorecendo a unhas empresas e se está a facer unha xestión escandalosamente irresponsable.

Procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller. (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(0)

Votos en contra (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

QUINTO.APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA nº 9/2021 NA MODALIDADE SUPLEMENTO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Dase lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

Exp. 2021/T002/000007

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 9/2021

Existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito ou crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito e un crédito extraordinario financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

Con data 22 de xullo de 2021 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 22 de xullo de 2021 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir así como favorable a proposta de modificación orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. **ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 9/2021 na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación :

ORZAMENTO DE GASTOS

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS INCREMENTADAS OU DOTADAS DE CRÉDITO

Partida		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Prog.	Eco.					
136	22799	Prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por empresas	30.000,00	15.800,00		45.800,00
1532	61900	Vías públicas. Outras inversións de reposición de infraestruturas	155.366,00	220.000,00		375.366,00
1532	62900	Vías públicas. Outras inversións novas	7.000,00	5.060,00		12.060,00
161	22199	Abastecemento de auga. Outros subministros	7.000,00	625,00		7.625,00
161	22799	Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por empresas	6.000,00	200,00		6.200,00
161	62300	Abastecemento de auga. Inversión novo en maquinaria	43.000,00	3.169,00		46.169,00
161	62700	Abastecemento de auga. Proxectos complexos	0		22.013,00	22.013,00
161	62900	Abastecemento de auga. Outros novos investimentos para o funcionamento dos servizos	0		12.969,00	12.969,00
231	62900	Atención social primaria. Outros novos investimentos para o funcionamento dos servizos	0		455,00	455,00
241	13100	Promoción do emprego. Soldos e salarios	33.800,00	18.075,00		51.875,00

241	16000	Promoción do emprego. Cotas á seguridade social	10.225,00	5.778,00		16.003,00
312	22700	Hospitais e centros de saúde. Traballos de limpeza e aseo	9.500,00	770,00		10.270,00
342	62300	Instalacións deportivas. Maquinaria, instalacións e utillería	0		13.640,00	13.640,00
342	62500	Instalacións deportivas. Mobiliario	0		787,00	787,00
432	60900	Promoción turística. Outras inversións novas en infraestruturas	0		3.731,00	3.731,00
432	64000	Promoción turística. Inversións de carácter inmaterial	0		13.915,00	13.915,00
454	21000	Camiños veciñais. Reparacións infraestruturas e bens naturais	40.000,00	23.900,00		63.900,00
454	22199	Camiños veciñais. Outros subministros	25.000,00	15.000,00		40.000,00
454	61900	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestruturas	421.477,00	222.456,00		643.933,00
912	22602	Órganos de goberno. Publicidade e propaganda	9.000,00	3.500,00		12.500,00
912	23000	Órganos de goberno. Dietas da corporación	0		1.500,00	1.500,00
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	50.000,00	10.000,00		60.000,00
943	46600	Transferencias a outras EELL. A entidades que agrupen municipios	4.600,00	785,00		5.385,00
		TOTAL	851.968,00	545.118,00	69.010,00	1.466.096,00

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	614.128,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Abre o turno de intervencións o sr .alcalde e detalla as partidas que se suplementan e apunta as inversións novas previstas como a mellora da praza do Portal.

Pregunta a sra. García en que consiste a obras.

O sr. alcalde explica que en cambiar as aceras ,nova pedra no interior da praza , novo mobiliario e iluminación. Vai ir toda a praza en pedra , contedores soterrados, zoa de aparcamento para discapacitados etc... Continúa o sr. alcalde indicando as partidas suplementadas:

.Abastecemento de auga.

-Promoción do emprego: suplemento para a baixa do Axente de Emprego Local.

-Centro de saúde: limpeza de cristais.

-Camiños veciñais:15.000,00

-Publicidade órganos de goberno:3.500,00 €

-Estudios técnicos:10.000,00 €.

Por outra banda, engande as partidas que se dotan de crédito extraordinario:

-Abastecemento de auga en Dombrete: aportación municipal de 22.000,00 € para a obra financiada por Augas de Galicia.

-Se consignan 12.969,00 € para a obra de abastecemento de auga en Rego de Cabanas que se solicitou subvención a Augas de Galicia.

-Atención social primaria :455 €.

-Instalacións deportivas :13640 € para cambio de iluminación luces LED.

-Promoción turística (inversións) se consigna a cantidade de 3.731 € aportación municipal á actuación “mellora paisaxística no lugar de As Cruces” e para a realización do video turístico do Concello de Sobrado e a súa difusión.

Intervén a sra. García e pregunta porqué se seleccionou á protagonista do video.

Resposta o sr. alcalde que porque tiña rasgos anglosaxóns e vai destinado a este tipo de turismo e pregunta a qué se debe e comentario.

Resposta a sra. García que lle parece moi mellorable o vídeo, non aporta información ningunha nen datos. O único que aporta son imaxes que se poderían facer por calqueira e pregunta se se presentou o vídeo ás autoridades e se así quen asistiu.

Resposta o sr. alcalde que os alcaldes da comarca.

Intervén a sra. García que se presentou nunha carpa sucia, tal como se via nas redes sociais.

Resposta o sr. alcalde que foi público e se deu difusión e que xa lles dixo que como concelleiros do Concello de Sobrado non necesitan ningunha invitación para acudir.

Di a sra. García que non se enterou.

Resposta o sr. alcalde que iso é porque non está no pobo.

Afirma a sra. García que si que estaba e aínda así non se enterou.

Engade a sra García que se pretende utilizar o remanente de tesourería para gastos xerais para inversións pero que non hai un “proxecto” e planificación de ningún tipo. Lle parece unha imprudencia gastar a estas alturas do ano case 600.000 € do remanente. Endebedar ao concello non é nada boa xa que en breve vamos a pasar por unha situación complicada e que pode ter consecuencias para os provedores para cobrar en prazo. Son os cartos dos veciños, non do alcalde e hai que ter unha planificación e moita prudencia.

Procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, , Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller. (PSdeG-PSOE)

Abstencións:(2) María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Votos en contra (0):

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN

SEXTO.MOCIÓN DE URXENCIA

Non houbo.

SÉTIMO .DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 172/2021 a 278/2021.

OITAVO.ROGOS E PREGUNTAS

A sra García roga que se recollan por escrito e consten en acta as seguintes preguntas e engade que en setembro de 2019 se formularon por escrito moitas preguntas que se presentaron por rexistro e se reiteraron nos seguintes plenos e sempre se poñen excusas e non se contestan o que lle parece unha falta de respecto total pola lei e por eles non dar contestación.

Quedan moitas preguntas sen contestar con múltiples excusas.

1. Ve nos decretos gastos de alquiler de mesa de son , gastos de boxeo.

2. Sobre a solicitude de subvención do Leader para o centro de día, iso xa se suponía o iba a facer a Deputación de A Coruña ¿Qué pasou coa axuda da Deputación para rehabilitar o centro de día xa que pasaron dous anos e seguimos sen ela?

3. Que pasou coa axuda de Diputación para a rehabilitación da antiga escola de Nogueira, porque veu que se solicitou subvención para rehabilitar a escola de As Cruces.

4. Con respecto ao video promocional a que corresponden 680 € de gastos protocolarios.

5. No último pleno se falou da cobertura de móvil e quería saber se xa se saben cales son as zonas .

Aproveita para comentar que en As Cruces hai un problema de cobertura por un repetidor que non funciona correctamente e se debería falar con Movistar.

6. O programa de educación familiar no que o concello gasta case 17.000 € no último pleno se cometou que ibas a averiguar os traballos que facía esa persoa.

7. Hai unha sanción da Consellería de Sanidade de 1000 € e quere saber o motivo e se non se podía haber evitado.

8. Se devolveron 300 € a Facenda e quere saber o motivo.

9. A cesión de uso do local á patrulla de incendios, cómo está esa xestión. Lles parece importante evitar que se perda este servizo e o concello debería facer tódolo posible para rehalitar o local e efectuar rde acondicionamento.

10. Parque eólico “Alto dos Borrillos”: ve que hai pancartas e quere saber porque o concello considera que é tan perxudicial para os vecinos do concello.

Resposta o sr. Alcalde que lle pasará as alegacións que se efectuaron dende o concello. A sra. García di que se alegra de esta postura tan medioambiental por parte do concello e que non se preocupe pola existencia do macro-vertedoiro máis grande da provincia e situado a poucos metros do Camiño de Santiago e do río Mandeo.

11. GESTÁN:

11.1. Sabe o concello a cantidade de materia orgánica que se xestiona.

11.2 . O alcalde dixo nun pleno que si a Xunta non actuaba o faría o concello ¿Qué actuación se fixo por parte do Concello?

11.3 ¿Sabe o alcalde que cantidade de materia orgánica que traen os rexeites que se están traendo ás Pías?

11.4 ¿Sabe o alcalde que residuos pode xestionar Gestán na canteira das Pías? Residuos de amianto, e lixiviados e lodos e tamén, por exemplo qué cantidades?

11.5 Sabe o alcalde a que distancia se atopan os residuos do Camiño de Santiago que pasa polo noso Concello e do que depende practicamente a totalidade da actividade económica do comercio e a hostalaría do Concello?

11.6 ¿Sabe o alcalde os perxuizos que o vertedoiro está supoñendo para os veciños de Altopaso, Abeledo, Mandeo en canto a impacto visual ,olores ...?

11.7 ¿Sabe o alcalde por qué se producen incendios , ou algo similar?Se hai vapor ó regar é porque a temperatura é alta?...Sabe o alcalde a causa de que a temperatura sexa tan alta?

11.8 No último pleno non o sabías pero agora xa sabe o alcalde en qué situación se atopa o expediente de solicitude de licenza para o novo vaso?As obras se están executando, non deberías paralizalas?

11.9 ¿Sabes que capacidade terá o novo vaso?

11.10 ¿Sabe canto tempo tardará en enchelo a este ritmo?

11.11 ¿Sabe que xa empezaron as obras do novo vaso?

11.12 ¿Sabe canto cobrará Gestán polos rexeitos que pode meter nese novo vaso que están construindo? Máis de 3.500.000 €¿ Esto vai ter algunha repercusión económica para o Concello de Sobrado máis que uns postos de traballo que acabarán en 5 anos?

11.13¿ Cantos postos de traballo se xeraron para facer o novo vaso?

11.14 ¿Cantos postos de traballo novos crearonse dende que o concello de A Coruña trae os residuos para Sobrado?

11.5 ¿Que xustificación pode ter que se traia os residuos que non poden ir a Sogama, onde se lles cobraba case o dobre, e si podan vir a Sobrado.?

11.16¿ Se está cumprindo coa acumulación de residuos que levantan por encima da resante, estase a cumprir a normativa medioambiental.?

12. LODOS

12.1 . Continúa a súa intervención a sr. García e afirma con respecto aos lodos que o dixo o alcalde que abriría unha investigación ó respecto , por iso pregunta cal foi o resultado desa investigación , cales foron as conclusións extraídas e en que consistiu.

12.2 ¿Sabe o concello cantos pozos existían?

12.3-¿ pozos existían en setembro do 2019 e cantos existen hoxe?

12.4¿ Que pasou cos pozos que desapareceron, os residuos deses pozos se xestionaron correctamente?

12.5¿ Sabe o alcalde se están construídos cumprindo as normas de seguridade esixidas pola lei?

12.6-¿ o alcalde a posible afección que teñen estes pozos ós ríos e acuíferos da zona?

12.7 ¿Teñen licenza municipal?

13. Por último pregunta se este ano hai brigada de incendios e se non cal é o motivo.

A sra. García solicita que se contesten as preguntas no próximo pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:57 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE